



FEDERACION GALEGA  
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es  
http://www.fga.es  
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461  
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino  
32001 OURENSE



Xacobeo 2021

AON  
Empower Results®



Allianz



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

Comunicado nº 159/20

28 de Outubro de 2020

**O CSD ABORDA A POSIBILIDADE DE QUE O DEPORTE FEDERADO NON PROFESIONAL POIDA SUPERAR OS LÍMITES DO TOQUE DE QUEDA NOS DESPRAZAMENTOS ESIXIDOS POLA PRÁCTICA DEPORTIVA.**

O Secretario Xeral para o Deporte insiste unha vez máis na necesidade de esclarecer os puntos que aínda non están pechados no protocolo do CSD, nomeadamente, no caso das probas de detección a realizar e o seu financiamento.



Santiago, 28 de outubro de 2020.- O Secretario Xeral para o Deporte, José Ramón Leta Lasa, participou na mañá de hoxe na Plataforma Interterritorial do Grupo de Tareas de Impulso ó Deporte (GTID) e as Comunidades Autónomas para a análise e posta en común do Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Nesta reunión, o “Consejo Superior de Deportes” abordou a posibilidade de que o deporte federado non profesional poida ser asimilado ao deporte profesional no punto H do artigo 5º e no punto K do artigo 6º do devandito Real **Decreto nos que se exceptúan os casos das limitacións de liberdade de circulación das persoas en horario nocturno e de entrada e saída nas comunidades autónomas.**

**Deste xeito, o deporte federado non profesional podería contar con permiso de mobilidade e superar as franxas horarias establecidas -de 23:00 a 6:00 horas- nos desprazamentos esixidos pola propia práctica deportiva.**

**Urxente necesidade de abordar a cuestión dos tests**

Ademais, o secretario xeral para o Deporte insistiu unha vez máis na necesidade de esclarecer os puntos que aínda non están pechados no protocolo para o regreso das competicións oficiais de ámbito estatal e carácter non profesional, elaborado polo CSD, nomeadamente no caso das probas de detección a realizar e o seu financiamento. Precisamente estas cuestións están pendentes de decidir no “Consejo Interterritorial del Sistema Nacional de Salud”, a pesar de que a gran maioría das competicións xa teñen comezado.

A Xunta agarda a celebración deste Consello para dirimir estas cuestións de absoluta importancia para a reactivación do deporte estatal. Leta Lasa lembrou que a Orde do 30 de setembro de 2020 da Xunta de Galicia que esixe “test serolóxicos ou outras probas similares” para os equipos e deportistas das competicións deportivas oficiais non profesionais de ámbito estatal de modalidades deportivas que poidan implicar contacto é unha medida “provisional” para “cubrir transitoriamente un baleiro que é necesario abordar sen moita máis dilación”.

FORTE:

<https://deporte.xunta.gal/gl/novas-deporte-galego/o-csd-aborda-posibilidade-de-que-o-deporte-federado-non-profesional-poida-superar-os-limites-do-toque-de-queda-nos-desprazamentos-esixidos-pola-practica-deportiva>. (PINCHA ENRIBA).